

# Concello de Mondariz

**PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN COMO CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL, POR PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MAIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, PARA A EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DO BAR-CAFETERÍA DO CENTRO SOCIAL DE MONDARIZ.**

## **CLÁUSULA 1ª. Descrición da edificación e do local**

O edificio do Centro Social do Concello de Mondariz, atópase situado no centro urbano da vila, entre as rúas Ramón e Cajal e Miguel Ángel Blanco Lage.

No bar-cafetería do Centro Social atópase no edificio do Centro Social, ocupando parte do primeiro andar do mesmo, dando a súa fachada á rúa Miguel Ángel Blanco, e tendo unha dobre entrada, unha dende a citada rúa Miguel Ángel Blanco e outra interna dende o propio Centro Social.

Conta cunha sala actualmente ocupada por un total de 7 mesas e catro cadeiras por cada unha das mesas, así como unha barra de aceiro inoxidable nas proximidades da cociña.

Conta igualmente, con tres aseos independentes e completos para mulleres, homes e diminuídos que dan servizo á totalidade do local, e unha cociña integrados ambos dentro do bar-cafetería.

## **CLÁUSULA 2ª. Descrición técnica do servizo**

O local está destinado unicamente a un servizo, que será o de bar-cafetería, non podendo destinarse a outro servizo.

Igualmente, a barra coa que conta o local, ten a lonxitude suficiente para poder dar servizo ás persoas que non desexen ser atendidas nas mesas coas que conta o local.

## **CLÁUSULA 3ª. Prezos**

Os prezos dos produtos deberán ser os aprobados polo Concello, para o cal o contratista presentará anualmente unha proposta motivada das tarifas ou modificacións puntuais se a suba de prezos así o demandara.

En todo caso, as tarifas deberán estar dentro dos límites mínimos e máximos establecidos pola Consellería de Industria e Comercio referidas ao



## Concello de Mondariz

---

sector da hostalería e en concreto de café-bar.

A lista de prezos, IVE engadido, deberá estar exposta ao público en lugares visibles e coincidirá co prezo aprobado polo Concello de Mondariz.

### **CLÁUSULA 4ª. Horarios**

O horario de atención deberá prestarse de luns a domingo de 08:00 hs a 22:00 hs. En todo caso, o adxudicatario se o estima preciso, poderá pechar os luns por descanso previa comunicación e permiso do Concello.

Facúltase ao concesionario a estender o seu horario de prestación de servizos en ben da Comunidade, se así o estima, previo acordo co Concello.

En caso de eventos propios do Centro Cultural, o bar-cafetería deberá estar aberta antes, durante e unha vez rematada a actividade, en acordo co Concello.

### **CLÁUSULA 5ª. Mantemento e Conservación**

O adxudicatario recibirá o edificio e as súas instalacións tal e como se atopan na actualidade e deberá mantelo en perfecto estado de conservación durante o período de adxudicación e ata a finalización do mesmo.

O adxudicatario non terá ningún dereito sobre os locais nin as instalacións fixas, a excepción dos derivados da súa utilización durante o período de vixencia do contrato.

Serán por conta do adxudicatario do servizo as obras necesarias para o mantemento e conservación do local e instalación fixas do mesmo, tales como a reposición de cristais, pinturas, chan, mostradores, condutores de auga e electricidade, etc ....

Todos os consumos de gas, auga e electricidade do local así como calquera outro tipo de consumo serán de cargo do adxudicatario.

### **CLÁUSULA 6ª. Equipamento**

O local destinado ao Centro Social, conta cun mobiliario propio tanto do servizo de bar-cafetería como de cociña e servizos.

A relación de mobiliario atópase recollido no Anexo III do Prego de



# Concello de Mondariz

---

Cláusulas Administrativas.

O adxudicatario do servizo farase responsable do adecuado uso e mantemento do mesmo durante o período de adxudicación do servizo, respondendo ante o Concello do seu correcto estado non só ao remate de dito período se non en todo momento da explotación.

O adxudicatario poderá propoñer cambios ou melloras de dito equipamento ou mobiliario para a súa consideración por parte do Concello de Mondariz, incorporándose dito equipamento ao inventario municipal e quedando en propiedade do Concello de Mondariz, ao remate do citado contrato.

## **CLÁUSULA 7ª. MATERIAL AUXILIAR**

O material auxiliar necesario para a explotación do servizo, deberá ser renovado polo adxudicatario, cando polo uso de dito material resulte deteriorado. Entenderase como material auxiliar, a louza, cristalería, cubertos e todo tipo de material funxible.

O adxudicatario do servizo faise responsable do adecuado uso e mantemento do material auxiliar, durante o período de adxudicación do servizo respondendo ante o propio Concello do seu correcto estado non só na finalización de dito período se non en todo momento da explotación.

## **CLÁUSULA 8ª. LIMPEZA E XESTIÓN DE RESIDUOS**

A limpeza necesaria para a explotación das instalacións e locais destinados ao bar-cafetería do Centro Social irán a cargo do adxudicatario, dispoñendo para tales efectos do persoal adecuado e suficiente para a limpeza de tal local, xa sexa propio ou contratado.

Igualmente será de conta do adxudicatario a recollida do lixo producido no citado local e o transporte do mesmo ata os lugares previstos no Concello de Mondariz para a recollida do mesmo, debendo en todo caso, velar por unha recollida selectiva do lixo, e a reciclaxe de todos e cada un dos elementos nos que sexa posible a súa reciclaxe.

## **CLÁUSULA 9ª. CALIDADE DO SERVIZO**

O adxudicatario en todo caso virá obrigado a prestar un servizo nos



## Concello de Mondariz

---

adecuados niveis de calidade, supervisados en todo caso polo Concello de Mondariz. Os produtos e servizos comercializados deberán, en todo caso, cumprir coas normas de seguridade e hixiene vixentes en cada momento. E actuar ademais coa debida dilixencia en canto ao tratamento de alimentos, bebidas e demais produtos destinados ao consumo humano.

Os provedores dos produtos do bar-cafetería deberán estar acreditados e aterse ás instrucións do Código Alimentario, e sempre será a empresa adxudicataria a responsable nas alteracións que se produzan nos produtos.

Poderán realizarse polo Concello ou por calquera outra Administración con competencia na materia, tódalas inspeccións que consideren oportunas, co fin de verificar o cumprimento das condicións hixiénico-sanitarias, de seguridade, e as restantes establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas e o presente Prego de Prescricións Técnicas.

### **CLÁUSULA 10ª. FOLGA**

No caso de folga, a empresa ou persoa adxudicataria comprometerase a ofrecer as solucións que garantan os servizos mínimos imprescindibles e que determine a Administración competente.

A execución de traballo non realizado debido á folga de persoal ou calquera outra causa imputable ao contratista, poderá dar lugar a indemnización en favor do Concello de Mondariz, polos danos e prexuízos causados.

En Mondariz

O Alcalde

(Documento asinado electrónicamente á marxe)

